



FOLGA XERAL 29M

ESTADO ESPAÑOL

Lei 24.7.1873 Prohibe o traballo de menores de 10 anos. Primeiras medidas relativas á “seguridade e hixiene no traballo” así como a casos de accidente laboral.

Lei 30.6.1887 Recoñece o dereito de asociación.

Lei 30.1.1900 De Accidentes Laborais.

Lei 13.3.1900 Establece un período de descanso posparto.

23.4.1903 Nace o Instituto de Reformas Sociais.

Lei 3.3.1904 Regula o descanso dominical.

Lei 27.2.1908 Crea o Instituto Nacional de Previsión, antecedente dun sistema de seguridade social.

Lei 27.4.1909 Regulamenta o dereito á folga.

RD. 3.4.1919 Xornada máxima de 8 horas.

1919 Entrada de España na OIT, coa progresiva aceptación dos seus convenios internacionais.

1919 Regulación do “Retiro Obreiro”, facendo obrigatorio o seguro para a xubilación.

1923 Seguro obrigatorio de maternidade.

Lei 9.9.1931 de Colocación Obreira, primeiras medidas para afrontar o paro.

Constitución da II República 9.12.1931 Declara España como unha República democrática de traballadores de toda clase e inclúe o dereito á liberdade sindical e recoñece o dereito á seguridade social. O dereito de sufraxio universal, incluíndo o da muller.

1961. Aparece o Seguro Nacional de Desemprego.

Lei 28.12.1963 De Bases da Seguridade Social.

Decreto Lei 16.11.1978. Reforma da Seguridade Social que establece a creación de diferentes institucións encargadas da saúde, as pensións ou os servizos sociais.

1978 A Constitución inclúe referencias ao dereito ao traballo, ao papel da Seguridade Social ou ao dereito á negociación colectiva e o recoñecemento da forza vinculante dos convenios.

Lei 10.3.1980 crea o Estatuto dos Traballadores.

CONQUISTÁRONOS PARA NÓS MANTEÑÁMOLOS PARA ELES E ELAS



1789 Francia. Declaración dos Dereitos do Home e o Cidadán.

1791. Francia. Olympe de Gouges redacta a Declaración dos Dereitos da Muller e a Cidadá.

1795 EUA. Acordo de fixación de salarios no sector da imprenta, considerado unha das primeiras manifestacións dun convenio colectivo.

1833 Inglaterra. Xornada de 48h. para as nenas e nenos.

1848 EUA. Declaración de Séneca Falls, reclamando igualdade de dereitos e o voto para as mulleres.

1851 Inglaterra. Aparece a Sociedade Unida do sector do metal, considerado primeiro sindicato moderno, superando as agrupacións por oficios.

1871 En Inglaterra deixan de considerarse os sindicatos como organizacións criminais ou ilícitas.

1883-1889 Alemaña. Aparece os seguros de enfermidade, accidentes laborais e vellez-invalidez, compoñentes dun sistema de seguro social obrigatorio e xérmolo dun sistema de seguridade social impulsado polo estado.

1884 Bélxica. Prohibición do traballo subterráneo nas minas de nenos menores de 12 anos e nenas menores de 14.

1898 Aparece na cidade belga de Liège un seguro de

desemprego pagado con fondos públicos.

1900 Francia. Xornada de 10h.

1901 Dinamarca. Fundación do Sindicato Obreiro de Mulleres.

1906 Francia. Semana laboral de 6 días.

1910 Na Internacional Socialista reunida en Copenhague apróbese, a proposta de Clara Zetkin, a celebración dun día internacional da muller traballadora. Co tempo este día fixarase no 8 de marzo.

1917 Constitución de México. Primeira que inclúe dereitos laborais como: salario mínimo inembargable, participación nos beneficios, seguridade e hixiene no traballo, protección fronte a accidentes laborais, dereito de sindicación ou dereito de folga.

1936 OIT. Convención sobre o dereito a vacacións remuneradas, que indica que polo menos serán de 6 días por ano.

1936 Francia. O goberno da Fronte Popular recoñece por vez primeira o dereito ás vacacións remuneradas para as clases traballadoras, fixándoas en dúas semanas por ano.

1942 Inglaterra. Plan Beveridge, que marca as bases dun sistema universal de cobertura de necesidades sociais financiado mediante a recadación impositiva.

M
U
N
D
O